



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Os vindeiros **luns 9 e martes 10 de maio** a Axencia Galega de Innovación (GAIN) celebrará o **Foro Industria 4.0**, un multiforo de coñecemento, tendencias e tecnoloxías, que persegue informar ao tecido industrial galego e facilitar a súa adaptación ás tecnoloxías do futuro.

Na apertura do evento participarán o **presidente da Xunta de Galicia**, Alberto Núñez Feijoo; a **secretaría xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo**, Begoña Cristeto Blasco; e o **conselleiro de Economía, Emprego e Industria**, Francisco Conde López. Participarán ademais **directivos de empresas tractoras** como INDRA, Telefónica, Navantia ou do grupo PSA Peugeot Citroën, entre outros.

A xornada do **día 9**, que se desenvolverá na sede da Axencia Galega de Innovación (Rúa Airas Nunes, s/n, Conxo) en **Santiago de Compostela**, estará centrada en presentar o apoio institucional, a nivel autonómico e estatal, e analizar as claves para a transición empresarial do modelo actual de fabricación á **“Fábrica do futuro”**. Na sesión da tarde, expóranse diferentes **casos de éxito de cooperación tecnolóxica** e en I+D en sectores estratéxicos para Galicia como o agroalimentario, naval e automoción. Paralelamente, dispórase dun **espazo no que se exporán prototipos** como o coche autónomo, un robot colaborativo ou unha bioimpresora 3D.

Na segunda xornada, que se celebrará en Ferrol e que disporá de **transporte gratuito dende Santiago de Compostela**, intervirán

expertos de relevancia internacional que analizarán **tecnoloxías clave da “Fábrica do futuro”** e presentaránse os **instrumentos e políticas públicas de apoio á Industria 4.0**. Así mesmo, na sesión verpertina falarase da industria virtual e poderase visitar o showroom de realidade virtual e fabricación dixital.

Se desexas consultar o programa completo así como inscribirte no foro, podes facelo a través da seguinte [ligazón](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.